

Semanario 1,50 €  
Sábado 27 . 02 . 2021  
Número 438

# SER20S GALIZA

nòs  
DIÁRIO


**CENTENARIO SEIVANE  
O PATRIARCA DA GAITA**

**EN DEFENSA DO TERRITORIO  
COMO SE FREARON OITO CELULOSAS**

# MENCHU LAMAS

**O CROMATISMO DA DIVERSIDADE**






CGAC

Póster como artista en residencia.



CGAC

Oliveros cun Buchla, un instrumento electrónico.



CGAC

Detalle dun cartaz anunciando un concerto coa Olympia Chamber Orchestra.

## O silencio como meta

FERNANDO MONTENEGRO

"Desexo o silencio, mais nunca se dá". Non é unha frase de John Cage –aínda que podería sêlo– senón o fragmento dun ensaio de Pauline Oliveros (1932-2016), a compositora e artista á que o CGAC dedica unha ampla mostra retrospectiva que recupera unha figura esencial e durante demasiados anos ocultada.

Tratar de resumir a biografía de Oliveros nunhas poucas liñas é unha tarefa abocada ao fracaso. Podemos apuntar que foi unha hábil acordeonista desde os nove anos, que só con 16 xa estaba mergullada na experimentación con cintas magnetofónicas, ou que con pouco máis de 21 formaba parte do San Francisco Tape Music Center, un centro de experimentación para compositores do que formaban parte figuras hoxe tan recoñecidas como Terry Riley ou Steve Reich. Podemos matizar que durante aqueles anos, ela

adoitaba ser a única muller do grupo, e que a conciencia daquela soidade a levou a escribir un artigo no *New York Times* que denunciaba –nunha época en que esas denuncias non eran tan ben vistas como agora– a desvantaxe coa que partían as mulleres á hora de desenvolver unha carreira no mundo da música.

Podemos falar tamén dun itinerario vital guiado máis pola intuición que por ningún academicismo: a súa traxectoria crúzase en varios puntos coa de creadores como Éliane Radigue, John Cage ou La Monte Young. Que esa intuición estaba sempre moi próxima ao entusiasmo ilústrao a anécdota que envolve a súa participación en *Goodbye 20th Century*, o disco que a banda Sonic Youth –sempre movéndose entre o punk e a experimentación sonora– publicou como homenaxe aos heterodoxos do século XX: o grupo gravou

composicións preexistentes de Cornelius Cardew, Yoko Ono, George Maciunas e outras figuras da vangarda sonora, mais Oliveros insistiu en compor unha peza especial para o álbum.

Mais sobre todo debemos falar do coidado con que a compositora manexou sempre o concepto de escoita. *Deep listening*, audición profunda, foi o concepto que cruñou para definir o que atopara cando se decatou de que, segundo as súas propias palabras, "escoitar non formaba parte da interpretación". A audición profunda propónse transformar a nosa maneira de producir e recibir o son, na medida en que constitúe "unha experiencia sensorial e de coñecemento que rompe diametralmente coa sinerxía actual da nosa percepción".

O concepto xurdiu despois dun concerto interpretado nunha xigantesca cisterna de uso militar, enterrada baixo terra,

na que a reverberación do son duraba máis de corenta e cinco segundos; e a súa transcendencia vai máis alá do mundo da interpretación musical: ese atender á "interacción entre sons e silencios" apunta a dilatar a conciencia acústica, mais tamén a percepción que temos do mundo que nos arrodea. Se cadra, Oliveros rodeou a súa práctica de elementos místicos que poden distorsionar a recepción da súa teoría mais, en definitiva, do que se trata, fundamentalmente, é de prestar atención por riba do ruído e a hipertrofia acústica que caracteriza as nosas sociedades.

A exposición do CGAC permítenos agora achegarnos a unha creadora que anticipou moitas das correntes que hoxe se presentan como novidades absolutas: unha pioneira pouco recoñecida que merece que a devolvamos ao lugar que lle pertence.